

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de febreiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte de febreiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(104).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(105).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FUNDACIÓN BANCARIA “CAIXABANK” PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN “GENESIS. ARTE EN LA CALLE”, NA RÚA PRÍNCIPE, DO 23 DE FEBREIRO AO 22 DE MARZO DE 2017. EXPTE. 14767/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/02/17, e o informe de fiscalización do 17/02/17, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, do 16/02/17, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Admón. Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primero.- En data 23.01.17, o Director Territorial de Caixabank Galicia, solicita presentar na cidade a mostra “Salgado. Arte na rúa”, exposición de 38 fotografías do proxecto Génesis do fotógrafo brasileiro Sebastiao Salgado, co que pretendeu captar a orixe do planeta a través de fotografías que mostren os elementos primarios da vida, especies animais que continúan en estado salvaxe ou as tribus humás que aínda viven en estado primitivo.

Esta Mostra, montaríase e divulgaríase na rúa de Príncipe, entre o 23 de febreiro e 22 de marzo, para o cal aporta un borrador de convenio de colaboración como medio de articular as obrigas entre o Concello de Vigo e a Fundación “La Caixa”.

Segundo.- En data 31 de xaneiro de 2017, o Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, acorda que polo Servizo de Alcaldía se proceda a iniciar e coordinar os trámites administrativos pertinentes para autorizar o Convenio de colaboración como medio de articular as obrigas e dereitos entre o Concello de Vigo e a Fundación “La Caixa” en relación coa mostra “Salgado. Arte na rúa”, así como recabar os informes necesarios sobre as condicións da citada Exposición.

Terceiro.- Polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural da Concellería de Cultura, en data 02.02.17, se emite informe no que se expresa o interese municipal pola devantiva exposición, e centra a relación de Sebastiao Salgado coa cidade de Vigo, coas seguintes verbas:

“A relación do artista coa cidade de Vigo é innegable, xa que no ano 1988 participou no proxecto Vigovisións da Fotobienal, organizada polo Concello de Vigo. O proxecto Vigovisións permitiulle establecer contacto a Sebastiao con Galicia, regresando meses despois para fotografar as campañas das mariscadoras. Estas fotografías constitúen o único traballo realizado no estado español incluído como un capítulo no libro “Traballadores”. Este proxecto, que desenvolveu a finais dos anos 80 e principios dos 90, tiña como meta facer un rexistro gráfico de grande cantidade de traballos manuais que nun curto período de tempo ían desaparecer para sempre, debido aos avances da tecnoloxía. Dez das fotografías realizadas polo artista en Vigovisións forman parte da colección fotográfica municipal.

*En “Inmigrantes”, que sería un segundo proxecto que desenvolvería xusto tras rematar o anterior, estivo documentando durante os anos 90 grande cantidade de **éxodos de poboación motivados por guerras ou motivos laborais**, sendo o preámbulo do que pensaba que sería un dos maiores desafíos do século XXI.*

Co seu proxecto Génesis, Sebastião Salgado busca as orixes do mundo e do planeta que habitamos. Un mundo que ten evolucionado durante miles de anos antes de verse enfrontado ao ritmo da vida moderna. Esta exposición presenta fotografías de paisaxes, animais e persoas alonxadas do mundo moderno: rexións vastas e remotas, en silencio e intactas, donde a natureza segue reinando. Espazos onde podemos nutrirnos do esplendor das rexións polares, os bosques e sabanas tropicais, os desertos abrasadores, as montañas dominadas por glaciares e as illas solitarias. Un mosaico increíble onde a natureza se expresa en toda a súa grandeza.

As fotografías de Génesis aspiran a revelar esta beleza e representan unha homenaxe á fragilidade dun planeta que todos deben protexer.

A mostra reúne 245 imaxes en branco e negro, de natureza virxe, captadas en 32 viaxes ao longo de oito anos por algúns dos lugares máis extremos do planeta; que marca o esperado regreso do fotógrafo brasileiro, trala grave crise física e mental, que o mantivo alonxado das exposicións durante anos.

Por todo o exposto, pola importancia do artista e pola súa relación directa coa cidade de Vigo, considérase de suma importancia e interese a celebración da exposición “Génesis. Arte na calle” de Sebastiao Salgado na nosa cidade.”

Quinto.- O Concelleiro de seguridade, en data 16.02.17, autoriza a ocupación da vía pública cunha serie de condicións.

Sexto.- En data 15.02.17, a técnica da Concellería de Fomento emite informe favorable en canto á ubicación dos cubos e instalación de alumeado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSF)
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Ley 26/2013, de 27 de decembro, de caixas de aforro e fundacións bancarias
- Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundacións

II.- Natureza xurídica da ocupación proxectada pola exposición

O obxecto deste expediente é a autorización da ocupación de vía pública peonil Príncipe, así como una pequena superficie do boulevard da Avda. Gran Vía, cun cubo publicitario da exposición.

Estas vías están destinadas ó uso público, e se ocuparían parcialmente coa exposición “Génesis. Arte na rúa”, entre as datas 21 de febreiro e 23 de marzo de 2017, suscribindo o oportuno convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Bancaria “LA Caixa”. De acordo cos datos que constan no Inventario Municipal de Bens e Dereitos deste Concello, aprobado por acordo do Pleno o 4 de maio de 1993, o Excmo. Concello de Vigo é dono da rúa Príncipe, ben recollido no Inventario Municipal de Bens inventariada co número 1070200, ben demanial que ven sido adicado ó uso común de igual forma e libremente por tódolos cidadáns.

III.- Réxime xurídico e condicións da autorización administrativa do uso privativo da rúa Príncipe da cidade de Vigo.

Con carácter xeral, están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos, art 4.1 letra “o” TRLCAP, as autorizacións sobre bens de dominio público.

As autorizacións sobre bens de dominio público, rexiranse, de conformidade co previsto no artigo 84.3 LPAP, precepto de aplicación básica, en primer lugar, pola lexislación especial re-

guladora daquelas e, a falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións da citada lei.

A ocupación da zona da rua Príncipe coa exposición proxectada, implica un uso privativo do dominio público, configurándose aquel que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo básico 84.1 LPAP), como acontece no presente caso.

No presente caso, a ocupación da rúa pola Fundación bancaria Caixabank, constitúe un uso privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxétase ó réxime xurídico previsto no ordenamento para o outorgamento das autorizacións administrativas de dominio, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, e a duración do aproveitamento non excede de catro anos, (artigo 86 LPAP), e en concreto a regulación contida no capítulo 1º do título IV da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

O convenio de formalización da autorización contén as cláusulas que o art 92.7 LPAP determina como mínimas.

O artigo 92.5 LPAP posibilita a gratuidade da autorización cando a utilización privativa do ben non leve parella unha utilidade económica para a persoa autorizada, tal é o caso, en canto a Lei 26/2013, de fundacións bancarias, no seu artigo 33.1 expresa que as fundacións bancarias terán finalidade social e orientarán a súa actividade principal á atención e desenvolvemento da obra social, e no mesmo senso a Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundacións conceptúa a estas organizacións no seu art 2.1 como sen ánimo de lucro que teñen afectado o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral.

IV.- Procedemento e forma de adxudicación

En canto ó procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da autorización administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, cabe sinalar que a Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, no seu artigo 92.1 dispoñe que *o "as autorizacións outorgaranse directamente ós peticionarios que reúnan as condicións requiridas, agás que por cualquier circunstancia estivese limitado o seu número"*

O Concello de Vigo, no ámbito das súas competencias, pode suscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, ó abeiro do disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público

O artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, del 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), establece que el municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, "a promoción da cultura e equipamientos culturais"

V.- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda, parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Autorizar á Fundación bancaria “CAIXABANK”, para expoñer a mostra “Salgado. Arte na rúa”, exposición de 38 fotografías do proxecto Génese do fotógrafo brasileiro Sebastiao Salgado, na rúa de Príncipe, entre o 23 de febreiro e 22 de marzo, segundo plano que se acompaña ó convenio de formalización, de acordo coa documentación presentada, e con sometemento ás condicións xurídicas e técnicas do texto do convenio que figura no Anexo I.1 e condicións de seguridade fixadas pola Concellería de Seguridade en resolución do 16 de febreiro de 2016.

Segundo.-Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación bancaria “Caixabank”, que rexerá a colaboura administrativa entre ambos entes para o desenvolvemento da mostra “Génesis. Arte na rúa”, na rúa de Príncipe, entre o 23 de febreiro e 22 de marzo de 2017; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

Terceiro.- Dar traslado do presente ós servizos municipais interesados

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE VIGO Y LA FUNDACIÓN BANCARIA “LA CAIXA” PARA LA INSTALACIÓN DE LA EXPOSICIÓN “GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE” EN LA CIUDAD DE VIGO, EN LA CALLE PRÍNCIPE

En Vigo, a de de 2017

REUNIDOS

De una parte, el **Sr. D. ABEL CABALLERO ÁLVAREZ**, que actúa en nombre y representación del AYUNTAMIENTO DE VIGO, de acuerdo a los artículos 124.4 a) de la Ley 7/1985, del 2 de abril, de bases de régimen local 7/85 y artículo 61.1 a) de la Ley 5/1997, del 22 de julio, de administración local de Galicia, del cual es Alcalde, designado en la sesión del Pleno de la Corporación del día 13 de xuño de 2015, entidad domiciliada en VIGO, en la Plaza del Rey y con C.I.F. P3605700H

De otra parte, el **Sr. D. RAFAEL FERNANDO CHUECA BLASCO**, Director Corporativo del Área de Territorio y Centros, actuando en nombre y representación, en calidad de apoderado, según resulta de escritura de apoderamiento, otorgada ante el Notario de Barcelona, D. Tomás Giménez Duart, en fecha 22 de octubre de 2014, y número 2832 de su Protocolo con facultades suficientes para el otorgamiento del presente convenio, de la Fundación Bancaria Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona “la Caixa”, en adelante, Fundación Bancaria “la Caixa”, entidad domiciliada en Barcelona, Avenida Diagonal, 621, y con C.I.F. G-58899998.

Ambas partes se reconocen mutuamente capacidad legal suficiente para suscribir el presente convenio de colaboración, y a tal efecto

EXPONEN

Primero.- Que el Ayuntamiento de Vigo en el ámbito de sus competencias, puede suscribir convenios con sujetos de derecho público y privado, al amparo de lo dispuesto en la Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público Segundo.- El artículo 25.2 m) de la Ley 7/1985, del 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (LBRL), establece que el municipio ejercerá, en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de la Comunidad Autónoma, entre otras, "la promoción de la cultura y equipamientos culturales".

Las disposiciones adicionales primera y cuarta de la Ley 5/2014, do 27 de maio, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley de racionalidad y sostenibilidad de la administración local, (LRSAL), disponen que las competencias atribuidas a las entidades locales por la legislación autonómica anterior a la entrada en vigor de la LRSAL continuarán ejerciéndolas ellas, rigiéndose por la indicada legislación o, en su caso, por el derecho estatal aplicable como supletorio, sin perjuicio de lo dispuesto en las disposiciones adicionales cuarta y quinta de la LRSAL.

Tercero.- El deseo de colaboración de las dos instituciones para la presentación de la exposición "GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE" en la ciudad de Vigo

Así, y con el fin de determinar el contenido de esta colaboración para desarrollar la citada exposición, de concordar sus respectivos intereses, ambas partes, de común acuerdo, declaran su voluntad de suscribir el presente convenio, de acuerdo con las siguientes

CLÁUSULAS

1.- OBJETO DEL CONVENIO

Es objeto del presente convenio de colaboración la presentación de la exposición "GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE" en la ciudad de Vigo. Dicha exposición se desarrollará según el siguiente calendario:

- Las fechas del proyecto, incluyendo montaje y desmontaje son **del 21 de febrero al 23 de marzo de 2017.**
- Las fechas de exhibición son : **23 de febrero al 22 de marzo de 2017**

2.- COMPROMISOS ASUMIDOS POR LA FUNDACIÓN BANCARIA "LA CAIXA"

2.1.- Producción y organización de la exposición.

2.2.- El coste del comisariado de la muestra.

2.3.- El coste del seguro de las obras a todo riesgo desde la recogida hasta la devolución, ininterrumpidamente, en la modalidad de "clavo a clavo".

2.4. El transporte, montaje, desmontaje e instalación de la exposición de GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE, en el espacio público cedido por el Ayuntamiento de Vigo, según se detalla en los correspondientes calendarios en el **Anexo I.1** del presente

2.5. El diseño y la impresión de todo el material de difusión, en castellano y en gallego, bajo la forma de elementos físicos o de difusión, elementos publicitarios, y actos de difusión que se realicen, y aquellos otros materiales que se acuerden entre las partes, así como la comunicación que se realice a los medios de comunicación dentro del marco de colaboración del

proyecto; sin que esto vaya en detrimento de la difusión que el Ayuntamiento de Vigo crea conveniente realizar a través de sus canales habituales. En toda la difusión gráfica constará la colaboración entre el Ayuntamiento de Vigo y la Obra Social “la Caixa”, según consta en el Manual de Aplicación de Marca de la Obra Social “la Caixa”, debiendo facilitar la Fundación Bancaria “la Caixa” al Ayuntamiento de Vigo, pruebas previas de todos los materiales y diseños para la oportuna revisión y conformidad.

2.6. El diseño, producción y colocación y retirada de los elementos publicitarios que se instalen en la vía pública para dar a conocer la exposición, siempre de acuerdo con las condiciones establecidas por el Ayuntamiento de Vigo en las correspondientes autorizaciones.

2.7 La obtención de los permisos necesarios (no se incluyen los municipales) que la instalación de la exposición de GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE exija.

2.8. Producción e instalación de los elementos necesarios para la instalación de los cubos informativos sitios en el boulevard de la Avda. Gran Vía, este con iluminación, y confluencia de las calles Príncipe y Urzaiz

2.9 A la fecha de finalización del desmontaje, la vía pública y demás elementos de los servicios urbanos que pudieran resultar afectados por la exposición quedarán en perfectas condiciones de uso y disposición

3.- COMPROMISOS ASUMIDOS POR EL AYUNTAMIENTO DE VIGO

En el marco del presente convenio, el Ayuntamiento de Vigo asumirá, sin generar gasto para la Fundación Bancaria “la Caixa”, las siguientes gestiones y permisos necesarios para el desarrollo de la exposición:

3.1. El Ayuntamiento de Vigo se compromete a la cesión gratuita de la calle Príncipe, ocupación que se detalla en el plano del **Anexo I.2**, para instalar las estructuras y el cubo informativo que requiere suministro eléctrico de “GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE”, en el boulevard de la Gran Vía, así como el cubo informativo sin suministro eléctrico de la calle de Príncipe esquina con la calle Urzaiz, por el periodo de tiempo que se extiende del **21 de febrero al 23 de marzo de 2017**. En estas fechas se incluye tanto el montaje como el desmontaje.

3.2. El Ayuntamiento de Vigo se compromete a la cesión gratuita de un espacio municipal, cercano a donde estén instaladas las estructuras, para hacer la rueda de prensa de presentación e inauguración de la exposición.

3.3. El Ayuntamiento de Vigo se compromete a desarrollar las gestiones necesarias para mantener despejada de vehículos la zona de acceso a la zona de instalación de las estructuras a la llegada del camión que las transporta, así como la colaboración de las gestiones necesarias para facilitar el permiso de circulación, carga y descarga de los vehículos que transportan la muestra.

3.4. Colaborar en las gestiones para los permisos de estacionamiento de los camiones que transporta las estructuras de la exposición en la zona de su instalación, así como la designación de un espacio para hacer el trasvase de carga entre camiones en caso de que sea necesario.

3.5. Gestiones para los permisos de estacionamiento y movimientos del camión grúa/pluma o carretilla traspalética necesario para la instalación de las estructuras.

3.6. El Ayuntamiento de Vigo colaborará para facilitar un permiso de estacionamiento en el lugar de la exposición para el vehículo de seguridad privada que durante el montaje, exhibición y desmontaje esté a cargo de la vigilancia de la exposición.

3.7. El Ayuntamiento de Vigo prestará colaboración a través de efectivos de la Policía Local:
a) Para colaborar, en la medida de las posibilidades existentes en cada momento, en la vigilancia, sobre todo en horas nocturnas, de la zona en la que se instalen las estructuras.

b) Para acompañar a los camiones tráiler a la llegada a la ciudad, desde la entrada hasta el lugar donde será instalada la exposición.

c) Para acompañar a los camiones tráiler a la salida de la ciudad, desde el lugar donde está instalada la exposición hasta la salida de la ciudad.

d) Para mantener despejados de vehículos los accesos a la zona de descarga donde se instalará la exposición a la llegada y a la salida del camión.

3.8. Suministrará un número de vallas suficiente, 60 al menos para delimitar el espacio necesario de seguridad en la calle Príncipe durante el proceso de montaje y desmontaje de las estructuras.

3.9. El Ayuntamiento de Vigo garantiza la presencia de personal técnico en la zona de instalación de la exposición durante el montaje y desmontaje de la misma, con el fin de colaborar en la organización del montaje y desmontaje de la misma, cuya responsabilidad única corresponde a la Fundación "La Caixa"

3.10. El Ayuntamiento de Vigo se compromete a promocionar la exposición entre los ciudadanos.

3.11. Facilitar el correspondiente permiso, sin coste económico, para la colocación de elementos de difusión editados por la Fundación Bancaria "la Caixa" (pancartas, mástiles, cubos, paneles...), siempre y cuando sean oportunamente autorizados por los respectivos servicios técnicos municipales.

3.12

4.- ASPECTOS GENERALES

4.1. La organización de la exposición en Vigo corresponde a la Fundación Bancaria "la Caixa" en colaboración con el Ayuntamiento de Vigo, quien se reserva la facultad de inspeccionar el estado de la muestra, su adecuación a los fines autorizados así como del estado del dominio público sobre la que está instalada.

4.2. El Ayuntamiento de Vigo y la Fundación Bancaria "la Caixa" actuarán en igualdad de condiciones en las presentaciones públicas y ruedas de prensa que se puedan organizar para dar a conocer la exposición "GÉNESIS. ARTE EN LA CALLE".

4.3. El Ayuntamiento de Vigo carece de responsabilidad alguna sobre la exposición y sus instalaciones, no respondiendo de los posibles daños, averías, deterioros o destrucción total o parcial que pueda sufrir, incluso por hechos derivados de actos de terrorismo, sabotaje, vandalismo, fortuitos o fuerza maior.

4.4. La autorización de ocupación no está sujeta al abono de tasas por ocupación de vía pública, en tanto que no lleva aparejada una utilidad económica para la Fundación Bancaria "La Caixa"

4.5. La autorización demanial no será transmisíbel a terceros, ni susceptible de ser gravada con carga alguna.

4.6. A fin de realizar el seguimiento y control del grado de ejecución del convenio, así como la interpretación y cumplimiento del convenio, ambas partes acuerdan la constitución de una Comisión mixta paritaria, compuesta por dos representantes de cada una de las partes firmantes:

EL Concejal de Gestión municipal, Personal, Patrimonio y Administración Electrónica o persona en la que delegue

Tres representantes de la Fundación Bancaria "la Caixa"

Un técnico municipal de la Oficina de Supervisión de proyectos

Un técnico municipal de la Concejalía de Seguridad

5.- DURACIÓN DEL CONVENIO

El presente convenio estará vigente desde la fecha de su firma hasta el final del desmontaje de la exposición en la ciudad de Vigo y, en cualquier caso, hasta que finalicen los compromisos de ambas partes.

La autorización recogida en este convenio, se extinguirá, además de por concurrencia de alguna de las causas previstas en el artículo 100 de la Ley de Patrimonio de las Administraciones Públicas, por las siguientes:

- Transcurso del plazo por el que fue otorgada
- Renuncia de la Fundación a la autorización
- Incumplimiento de los fines o actividades para los que fue autorizada
- Incumplimiento de las condiciones en las que fue otorgada la autorización
- Acuerdo de ambas partes
- Revocación unilateral por parte del Ayuntamiento de Vigo, cuando así lo requieran motivos de interés público municipal, sin generar derecho a indemnización.

Extinguida por cualquiera de las causas previstas la autorización, la entidad autorizada procederá a la retirada de la exposición del dominio público, en un plazo máximo de una semana desde la fecha de la notificación de la extinción, corriendo de su cargo los gastos que se generen, y debiendo reponer el dominio público municipal a su estado original.

6.- NATURALEZA Y JURISDICCIÓN

Este convenio tiene naturaleza administrativa, siendo el régimen jurídico aplicable al mismo el establecido en el capítulo VI del Título Preliminar de la Ley 40/2015 de 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público. Cualquier cuestión que se suscite en cuanto a aplicación, interpretación y efectos del convenio, que no queden solventadas por la Comisión mixta de seguimiento prevista en la cláusula cuarta, serán resueltas por los órganos de la jurisdicción contencioso-administrativa.

Y en prueba de conformidad, las partes firman el presente convenio por triplicado y a un solo efecto, en la ciudad y fecha señalada.

D. Abel Caballero Álvarez

D. Rafael Fernando Chueca Blasco

Excmo. Sr. Alcalde de Vigo
Caixa”

Director C. de Territorio y Centros
Fundación Bancaria “la

ANEXO I.1 CALENDARIO DE MONTAJE

Inicio del montaje, martes 21 de febrero, finalización, miércoles 22 de febrero de 2017.

Martes 21 de febrero.

- A las **09:00h**, acceso al espacio de montaje de los camiones tráiler **(3)** que transportan el material expositivo.
- A las **09:00h**, inicio de los trabajos de descarga y montaje de la exposición.
- Se solicita permiso para el estacionamiento de los camiones tráiler de transporte durante la descarga del material.
- Se solicita permiso, para el estacionamiento en el espacio de montaje de las furgonetas de apoyo **(2)** en las que viajan las herramientas y los accesorios necesarios para el montaje de las estructuras.
- Vallado del espacio expositivo. Se solicita al Ayuntamiento la cesión de 30 vallas para acotar el área expositiva durante los trabajos de descarga y montaje.
- Descarga de las estructuras metálicas que soportarán las fotografías. La descarga y el montaje de las estructuras, se realizará con una carretilla transpalética.
- Se solicita permiso para los movimientos de la carretilla por todo el espacio expositivo.
- Descarga de herramientas y material necesario para el montaje de la exposición.

Miércoles 22 de febrero.

- Continuación de los trabajos de montaje de la exposición.
- Colocación de la gráfica de la exposición.
- Finalización de los trabajos de montaje.
- Carga de la maquinaria, herramientas y material utilizado para el montaje de la exposición.
- Se solicita permiso para el estacionamiento de los vehículos durante la carga de la maquinaria, herramientas y material diverso.
- Para este día, se solicita una limpieza general del área expositiva que acondicione el espacio para la inauguración.

Jueves 23 de febrero (INAUGURACIÓN)


- Rueda de prensa.
- Inauguración

CALENDARIO DE DESMONTAJE


Inicio y finalización del desmontaje el jueves 23 de marzo de 2017.

- A las **09:00h.** inicio de los trabajos de desmontaje y embalaje de obras.
- Vallado del espacio expositivo. Se solicita al Ayuntamiento la cesión de 30 vallas para acotar el área expositiva durante los trabajos de desmontaje y carga de la exposición.
- Acceso al espacio de desmontaje de los camiones tráiler **(3)** que transportarán el material expositivo.
- Se solicita permiso para el estacionamiento de los vehículos tráiler durante la carga de las estructuras metálicas y el material expositivo. El desmontaje y la carga de las estructuras, se realizará con una carretilla transpaleadora.
- Se solicita permiso, para el estacionamiento en el espacio de montaje de las furgonetas de apoyo **(2)** en las que viajan las herramientas y los accesorios necesarios para el desmontaje de las estructuras.
- Se solicita permiso para los movimientos de la carretilla por todo el espacio expositivo.
- Carga de herramientas y material necesario para el desmontaje de la exposición.
- Finalización del desmontaje de la exposición.

ANEXO I.2 UBICACIÓN DE LA EXPOSICIÓN



Ubicación de la Exposición en la ciudad de Vigo , Rúa do Príncipe



Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(106).- PROPOSTA PARA CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” 1ª QUENDA 2017.EXPTE. 13720/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/17, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellería, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública.

Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencerán á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, e as persoas candidatas a ser seleccionadas foron remitidas previa solicitude do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego ás oficinas de Servicio Público de Galicia en Vigo, unha vez realizado un sondeo conforme aos criterios establecidos nos impresos de demanda de emprego enviados.

A convocatoria e bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 2 d edecembro de 2016, establece na súa base 11ª, entre outros apartados,

“...Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación...”

Se abonarán asistencias aos membros da Comisión de selección de personal do programa “Vigo emprega”, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

Na fase da **proba práctica** realízanse diferentes exercicios valorados pola comisión de selección e en colaboración de técnicos municipais que facilitan a realización, supervisión e valoración das mencionadas probas, relacionadas todas elas coas funcións e tarefas da profesión relacionada co posto ofertado, e anéxanse copias dos exercicios realizados para os postos de Auxiliar administrativo, Delineante, Auxiliar Topógrafo, Capataces e Oficiais de oficios.

Cara a axilizar o proceso selectivo, se estima que coa constitución de 4 comisións de selección se poderá proceder nun prazo de 7 días a realizar as probas escritas e prácticas previstas nas bases, o que permitirá rematar o proceso de contratación con tempo suficiente para que inicien o seu contrato o 06/03/2017 e se procurou que os/as funcionarios e funcionarias, así como o persoal laboral fixo, se adecue o máximo posible ao establecido no RDL 5/2015 do Estatuto Básico do Empregado Público, no senso de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, xa que a tal efecto todos/as os compoñentes das diferentes comisións de selección, comparecen a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, así como do requisito da necesaria especialización para o desenvolvemento das súas labores de selección, xa que ademais da súa condición funcionario ou laboral fixo, están encadrados, nos grupos e prazas seguintes:

Nome e apelidos	Grupo	Praza/Posto
Albino Rodríguez Ferreira	A1	TÉCNICO ADMON. XERAL
Lucio Varela Borreguero	A1	TÉCNICO ADMON. XERAL
Secundino Otero Failde	A1	TÉCNICO ADMON. XERAL
Alfonso Berros Pérez	A2	ENXEÑEIRO TÉCNICO
Francisco J. Gutierrez Orúe	A2	TÉCNICO MEDIO
Jose Carlos Vázquez Miguez	A2	TÉCNICO MEDIO
Alfonso Alonso Rodríguez	C1	CAPATAZ
Alfonso Conde Lorenzo	C1	CAPATAZ
Jose Ramón Otero Fernández	C1	DELINEANTE
Jose Ramón Seijas Álvarez	C1	CAPATAZ
Juan Zaragoza Bastos	C1	INSPECTOR DE OBRAS
Lucía Trillo Martín-PinilloS	C1	ADMINISTRATIVA ADMIN. XERAL
Mª Concepción Martínez-Murillo Campos	C1	ADMINISTRATIVA ADMIN. XERAL
Marta Alonso Posada	C1	ADMINISTRATIVA ADMIN. XERAL
Purificación Bernardez Martínez	C1	ADMINISTRATIVA ADMIN. XERAL
Ramón Vázquez Martínez	C1	CAPATAZ
Roberto San Román Mariño	C1	CAPATAZ
Rosa Mª Otero Malvárez	C1	ADMINISTRATIVA ADMIN. XERAL

Nome e apelidos	Grupo	Praza/Posto
Rosa Nuñez García	C1	ADMINISTRATIVA ADMON. XERAL
Adolfo Rodríguez López	C2	XEFE DE EQUIPO
Guillermo Lorenzo Carrera	C2	OF. INSTALACIÓNS
Hector Conde Lorezo	C2	OF. CEMITERIOS
Javier Bea Puentes	C2	OF. ELECTRICISTA
Jose Antonio Comesaña Davila	C2	OF. CONDUCTOR
Jose Antonio González Seijo	C2	OF. CEMITERIOS
Primitivo Calles Santos	C2	OF. ALBANEL
Enrique Alonso Rodríguez	C2	OF. OFICIOS

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a selección de persoas candidatas na convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces beneficiarios/as, do programa “Vigo emprega” 1º quenda 2017, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:**

1. Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa “Vigo emprega” 1º quenda 2017:

a) Comisión 1: Selección de Peóns.

Presidente: Francisco J. Gutierrez Orúe

Suplente: Ramón Vázquez Martínez

Secretario/a: Albino Rodríguez Ferreira

Suplente: Purificación Bernardez Martínez

Vogais: Hector Conde Lorezo

Jose Antonio Comesaña Davila

Juan Zaragoza Bastos

Suplentes: Alfonso Conde Lorenzo

Primitivo Calles Santos

b) Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios.

Presidente: Alfonso Berros Pérez

Suplente: Juan Zaragoza Bastos

Secretario/a: Lucía Trillo Martín-Pinillos

Suplente: Purificación Bernardez Martínez

Vogais: Guillermo Lorenzo Carrera

Roberto San Román Mariño

Adolfo Rodríguez López

Suplentes: Alfonso Alonso Rodríguez

Enrique Alonso Rodríguez

c) Comisión 3: Selección de Capataces.

Presidente: Alfonso Conde Lorenzo

Suplente: Francisco J. Gutierrez Orúe

Secretario/a: Secundino Otero Failde
Suplente: Marta Alonso Posada

Vogais: Jose Ramón Seijas Álvarez
Jose Ramón Otero Fernández
Ramón Vázquez Martínez
Suplentes: Jose Antonio Comesaña Davila

d) Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo, Aux. Delineación, Aux. Topógrafo e Técnico Prevención de Riscos Laborais)

Presidente: Francisco J. Gutierrez Orúe
Suplente: Rosa M^a Otero Malvárez

Secretario/a: Lucio Varela Borreguero
Suplente: Purificación Bernardez Martínez

Vogais: M^a Concepción Martínez-Murillo Campos
Rosa Nuñez García
Juan Zaragoza Bastos
Suplentes: Jose Carlos Vázquez Miguez
Javier Bea Puentes
Jose Antonio González Seijo

2. Os membros da Comisión de selección de persoal do programa “Vigo Emprega”, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

3. As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do programa “Vigo Emprega” 1^a quenda 2017, iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local, conforme as “Bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa de emprego “Vigo Emprega”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez